

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Sección Desenv. Territ., Coop. e Medio Ambiente

Concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa DP0031, de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2019

RESOLUCIÓN NÚM. 22694/2019, DO 1 DE XULLO, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DP0031, DE AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE DURANTE O ANO 2019

DP0031/2019

Expte. 2018000035350

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante Resolución da Presidencia 19704, do 6 de xuño de 2019, que foi publicada no BOP do 11 de xuño de 2019, concedéronse de forma provisional as subvencións da convocatoria DP0031, de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2019, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se fose o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación ou de cambio de obxecto da subvención, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, as subvencións considéranse aceptadas tacitamente.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola citada resolución e vistas as solicitudes de reformulación ou de cambio de obxecto, alegacións, emendas e desistencias que os interesados presentaron.

Visto o informe do Servizo Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente e o informe do Servizo de Fiscalización,

RESOLVO:

1.º.-Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa DP0031, de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2019, ás entidades sen ánimo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe da subvención	Coef.	Pspto. subvencionado a xustificar
Beneficiario: ASOCIACION AMBIENTAL ADIANTUM NIF: G70371455 Cod. Exp.:2019000006194 Obxecto: O RÍO QUE NOS UNE: EXPLORANDO O TAMBRE. Obradoiros de educación científico-ambiental na natureza con alumnado de 11-12 anos dos CEIP da contorna do Tambre	5.059,20 €	0,8000	6.324,00 €
Beneficiario: ASOCIACION AMBIENTAL SENDA NOVA NIF: G70175401 Cod. Exp.:2019000006616 Obxecto: Sementando no Espazo: proxecto de dinamización e posta en valor do medio rural a nivel ambiental, a través da horta ecolóxica e comunitaria, a alimentación sostible e a educación ambiental	7.176,00 €	0,5652	12.696,39 €
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL Y MEDIO AMBIENTAL PARA ESTUDIO DE LA BIODIVERSIDAD "GEAS" NIF: G15889058 Cod. Exp.:2019000006689 Obxecto: Proxecto REGAM. Actividades de SECAME e SEMICE	1.000,00 €	0,7000	1.428,57 €
Beneficiario: ASOCIACION DROSEIRA PARA O ESTUDIO E CONSERVACION DO MEDIO NATURAL NIF: G27316603 Cod. Exp.:2019000006631 Obxecto: "Achégate aos morcegos: divulgación e conservación dos morcegos na Coruña" Posta en marcha dun programa educativo orientado a diferentes públicos dentro da provincia de A Coruña co fin de contribuír á conservación dos nosos morcegos	5.156,01 €	0,8000	6.445,01 €
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NIF: G27392703 Cod. Exp.:2019000006622 Obxecto: Proxecto para a restauración e promoción das microrreservas de Barazón, Santiso, Provincia da Coruña	11.142,78 €	0,8000	13.928,48 €

Solicitudes	Importe da subvención	Coef.	Pspto. subvencionado a xustificar
Beneficiario: ASOCIACION MEDIOAMBIENTAL AMABUL NIF: G15925209 Cod. Exp.:2019000006195 Obxecto: AULA AMBIENTAL ULLA	7.180,80 €	0,8000	8.976,00 €
Beneficiario: ASOCIACION NEBOA MEDIO AMBIENTE NIF: G15548878 Cod. Exp.:2019000006410 Obxecto: Movendo a escola de natureza	2.679,04 €	0,8000	3.348,80 €
Beneficiario: ASOCIACION PARA A CUSTODIA DO BOSQUE ATLANTICO BETULA NIF: G70370622 Cod. Exp.:2019000006613 Obxecto: O obxecto é acceder ás subvencións convocadas pola Deputación Provincial da Coruña para realizar actividades no ámbito do Medio Ambiente durante o ano 2019	4.659,92 €	0,8000	5.824,90 €
Beneficiario: ASOCIACION VENTO NOSO NIF: G70081609 Cod. Exp.:2019000006731 Obxecto: Sustentabilidade enerxética en instalacións gandeiras	10.763,96 €	0,8000	13.454,95 €
Beneficiario: ASOCIACION VERDEGAIA NIF: G70060363 Cod. Exp.:2019000006626 Obxecto: Intervencións das Brigadas deseucaliptizadoras 2019	4.317,98 €	0,8000	5.397,48 €
Beneficiario: FEDERACION GALEGA DE MEDIO AMBIENTE NIF: G70138565 Cod. Exp.:2019000006700 Obxecto: Fomento do bo uso, manexo e xestión dos Plásticos de Uso Agrícola para a súa minimización na provincia de A Coruña	14.642,30 €	0,8000	18.302,88 €
Beneficiario: FUNDACION FRAGAS DO MANDEO NIF: G70258645 Cod. Exp.:2019000006623 Obxecto: Programa de custodia do territorio 2019 (actividade)	3.594,63 €	0,8000	4.493,29 €
Beneficiario: HABITAT GRUPO NATURALISTA NIF: G15039126 Cod. Exp.:2019000006612 Obxecto: Programa de accións medio ambientais 2019: 40 anos traballando a prol da natureza	2.801,60 €	0,7907	3.543,19 €
Beneficiario: SOCIEDAD ESPAÑOLA DE ORNITOLOGIA NIF: G28795961 Cod. Exp.:2019000006656 Obxecto: PROXECTO DE CONSERVACIÓN DA PÍLLARA DAS DUNAS NAS PRAIAS DA PENÍNSULA DO BARBANZA. A CORUÑA.	14.400,00 €	0,8000	18.000,00 €
Beneficiario: SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL NIF: G15037211 Cod. Exp.:2019000006606 Obxecto: ACCIÓNS DE DIVULGACIÓN AMBIENTAL: VISITAS GUIADAS NA NATUREZA, CURSÍÑOS AMBIENTAIS E GASTOS ASOCIADOS Á ATENCIÓN DE VISITANTES NO MUSEO DE HISTORIA NATURAL DA S.G.H.N.	5.224,16 €	0,8000	6.530,20 €

Total concedido: 99.798,38 €.

2.º.-Autorizar a todas as entidades que o solicitaron para que poidan contratar máis do 50% da actividade subvencionada e/ou concertar a execución total ou parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (o importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

3.º.-Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0520/17221/481, fase A, referencia núm. 22019000351, operación núm. 220190006532, importe 99.798,38 €.

4.º.-Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao programa DP0031, de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2019, ás entidades sen ánimo de lucro seguintes polos motivos que se indican:

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: ASOCIACION APROCA NOROESTE NIF: G70472808 Cod. Exp.:2019000006652 Obxecto: Programa de asistencia a Directivas de Sociedades de Cazadores e os seus asociados en materia de Ley de Benestar Animal, Protección e Conservación do Medio Ambiente	Por desistimento da entidade solicitante
Beneficiario: ASOCIACION GALLEGA EMP. ENVASADO AGUA MINERAL NATURAL NIF: G70290515 Cod. Exp.:2019000006628 Obxecto: Programa de educación e sensibilización ambiental para colexios da provincia de A Coruña sobre a auga mineral como recurso natural	Por non cumprir os requisitos de participación ao tratarse dunha entidade de carácter asociativo que non reúne o número mínimo de socios requirido no punto 6.2 das bases xerais e por non estar rexistrada no Rexistro de entidades de carácter ambiental de Galicia ou ter como fin primordial nos seus estatutos a conservación, promoción e/ou defensa dos recursos naturais e do ambiente, indicados no punto 3.1 das bases específicas do programa.

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: ASOCIACION PARA EL FOMENTO DE LA BIOLOGIA DE LA CONSERVACION NIF: G27788637 Cod. Exp.:2019000006694 Obxecto: Mellora do coñecemento aplicado á conservación e xestión da escribenta das canaveiras iberoccidental (<i>Emberiza schoeniclus lusitanica</i>) na lagoa de Traba (Laxe)	Desistimento da parte interesada
Beneficiario: ASOCIACION PARA O FOMENTO DO DESEÑO SOSTIBLE KUNTERBUNT KLU- GES DESIGN NIF: G70504139 Cod. Exp.:2019000006755 Obxecto: REALIZACIÓN DE OBRADOIRO DE ESTUFAS DOMÉSTICAS ECOLÓXICAMENTE SUSTENTABLES	- Por non reunir o requisito de participación previsto no apartado 5.1 das bases específicas do programa (estar inscrita no rexistro administrativo creado polo Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se creou o Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia, ou ter como fin primordial a conservación, promoción e/ou a defensa dos recursos naturais e do ambiente); todos os fins sinalados nos seus estatutos, así como as actividades a desenvolver para acadalos, xiran en torno ao deseño como finalidade principal. - Por outra banda, segundo a memoria presentada, a actividade se desenvolve fora da provincia da Coruña, sen que se poda determinar que os seus participantes ou beneficiarios residan na citada provincia (apartado 6.3 das bases reguladoras xerais e 5.2 das específicas).
Beneficiario: ASOCIACION PRODUCTORES DE MADEIRA DAS SOMOZAS NIF: G70067707 Cod. Exp.:2019000006791 Obxecto: VOLUNTARIADO MEDIOAMBIENTAL	Por non reunir o requisito de participación previsto no apartado 5.1 das bases específicas do programa (estar inscrita no rexistro administrativo creado polo Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se creou o Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia ou que o seu fin primordial sexa a conservación, promoción e/ou a defensa dos recursos naturais e do ambiente)
Beneficiario: ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS DO CAMIÑO NIF: G70459045 Cod. Exp.:2019000006411 Obxecto: Peregrinación simultánea para promover e difundir a protección dos animais no Camiño de Santiago, a tenza responsable, as boas prácticas peRRegrinas, as adopcións e os protocolos de actuación no caso de atopar un animal abandonado ou en perigo	Desistimento da entidade solicitante
Beneficiario: F.A.P.A. FERROL Y COMARCA CONCEPCION ARENAL NIF: G15543242 Cod. Exp.:2019000006527 Obxecto: ACCIÓN EDUCATIVA DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL	Por non cumprir o requisito de participación previsto no apartado 5.1 das bases específicas deste Programa (estar inscrita no rexistro administrativo creado polo Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se creou o Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia ou que o seu fin primordial sexa a conservación, promoción e/ou a defensa dos recursos naturais e do ambiente).

5.º.-Publicar a presente resolución definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 2 de xullo de 2019.

O PRESIDENTE,

D. Valentín González Formoso

SECRETARIO XERAL,

D. José Luis Almau Supervía

2019/5394